



¿QUE É UN MODELO DE UTILIDADE?

O modelo de utilidade é un Título outorgado polo Estado que confire ó seu titular un dereito exclusivo de explotación industrial e comercial da invención durante 10 anos.

Regulación legal:

1. Título XIV da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes.
2. En defecto de norma expresamente aplicable ós modelos de utilidade, rexerán para estes as disposicións establecidas na Lei 11/1986 para as patentes de invención, sempre que non sexan incompatibles coa especialidade daqueles.
3. Regulamento de execución desta Lei (aprobado por RD 2245/1986, do 10 de outubro).



REQUISITOS MÍNIMOS DUNHA INVENCIÓN PARA SER OBXECTO DE MODELO DE UTILIDADE

Novidade nacional: Ten que ser nova en España, non importando que sexa coñecida no estranxeiro.

Actividade inventiva: Unha invención implica actividade inventiva se aquela non resulta do estado da técnica dunha maneira evidente para un experto na materia.

Debe consistir: en dar a un obxecto unha configuración, estrutura ou constitución dos que resulte algunha vantaxe practicamente apreciable para o seu uso ou fabricación.

En particular, poderán protexerse como modelos de utilidade os utensilios, instrumentos, ferramentas, aparatos, dispositivos ou partes destes que reúnan os requisitos anteriores.



PROHIBICIÓNS DE REXISTRO COMO MODELO DE UTILIDADE

As invencións de procedementos.

Os descubrimentos, teorías científicas e métodos matemáticos.

As obras literarias ou artísticas ou calquera outra creación estética, así como as obras científicas.

Os plans, regras e métodos para o exercicio de actividades intelectuais, para xogos ou para actividades económico-comerciais, así como os programas de ordenador.

As formas de presenta-la información.

Os métodos de tratamento cirúrxico ou terapéutico do corpo humano ou animal, nin os métodos de diagnose aplicados ó corpo humano ou animal.

As invencións contrarias á orde pública e ós bos costumes.

As variedades vexetais protexibles pola Lei 3/2000, do 7 de xaneiro.

As razas animais.



MODELO DE UTILIDADE



¿CÓMO SE SOLICITA UN MODELO DE UTILIDADE?



DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Instancia de solicitude:

Dirixida ó Director da OEPM.

Descrición da invención que se pretende Protexer:

Onde se indique, entre outros aspectos, o título da invención, o sector da técnica a que se refira, o estado da técnica anterior ou unha explicación que expoña o problema técnico e a solución.

Unha ou varias reivindicacións:

A súa finalidade é defini-lo obxecto para o que se solicita protección, delimitando exactamente as cualidades ou características que se desexan protexer.

Os debuxos:

Os que se refiran a descrición da invención ou as reivindicacións, cando isto se considere oportuno.

NOTA: OS IMPRESOS NORMALIZADOS DA SOLICITUDE PODEN OBTERSE NAS OFICINAS DO SEGAPI OU NA PÁXINA WEB DA OFICINA ESPAÑOLA DE PATENTES E MARCAS (OEPM): www.oepm.es.

Xustificante de pago:

O pago da taxa correspondente efectuarase en calquera sucursal de "La Caixa".

NOTA: OS IMPRESOS NORMALIZADOS DE PAGO PODEN OBTERSE NAS OFICINAS DO SEGAPI.



¿ONDE PRESENTAR ESTA DOCUMENTACIÓN?

No SEGAPI (Servicio Galego de Propiedade Industrial).

En calquera outra dependencia da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

Na OEPM (Oficina Española de Patentes e Marcas).

Nas oficinas de Correos.

NOTA: OS ANTERIORES CONSTITÚEN OS ÓRGANOS COMPETENTES PARA O OUTORGAMENTO DE DATA E HORA DE PRESENTACIÓN.

En calquera outro órgano administrativo e oficina pública autorizada, conforme ó previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



MODELO DE UTILIDADE



¿CONTIDO E DURACIÓN DO DEREITO?

O Modelo de utilidade confire ó seu titular o dereito a impedir a calquera terceiro a explotación da invención protexida sen o seu consentimento.

A extensión da protección conferida polo modelo de utilidade determínase polo contido das reivindicacións.

O modelo de utilidade ten unha duración de 10 anos improrrogables, contados a partir da data de presentación da solicitude.

Para mante-lo dereito, o titular está obrigado a:

1. Explota-la invención protexida dentro do prazo de catro anos dende a data de presentación da solicitude, ou de tres anos dende a data en que se publique a concesión no Boletín Oficial da Propiedade Industrial (BOPI), aplicándose o prazo que expire máis tarde.

Se neste prazo a invención protexida non é explotada, o modelo de utilidade poderá ser sometido ó réxime de licencias obrigatorias.

2. Paga-las taxas anuais de mantemento.



¿CUSTO DUN MODELO DE UTILIDADE?

1. O custo dun modelo de utilidade inclúe:

Taxa de solicitude.

Taxa de expedición do título.

Taxas anuais de mantemento.


En caso de utiliza-los servicios dun Axente da Propiedade Industrial, os seus honorarios.

2. As taxas están reguladas no anexo da Lei de patentes, actualizadas anualmente pola Lei de orzamentos xerais do Estado correspondente a cada exercicio.

TRAMITACIÓN DA SOLICITUDE



MODELO DE UTILIDADE



- Actuacións do solicitante
- Actuacións do OEPM
- Actuacións de terceiros

